

Expediente IET: P-20-091
Proxecto: Parque eólico O Cerqueiral
Concellos: Cabana de Bergantiños, Coristanco e Santa Comba (A Coruña)
Promotor: Greenalia Wind Power O Cerqueiral, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 17/11/2021 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico O Cerqueiral.

1. Antecedentes:

Con data do 24/03/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe en contestación á consulta realizada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático co obxecto de determinar a amplitude e nivel de detalle do estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto obxecto de informe, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Posteriormente o 14/12/2020 o IET emite informe de impacto e integración paisaxística sobre este proxecto, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase a corrección formal do EIIP elaborado, ao tempo que se indicaban unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Informe:

Na resposta recibida ao anterior informe do IET, a empresa promotora achega unha contestación ao requirimento emitido que ven a completar o EIIP inicial. O documento de contestación incorpora novas infografías dende os lugares de maior potencial de observadores, o compromiso de adecuación do edificio que albergará o centro de seccionamento e control á *Guía de cor e materiais*, así como a xustificación de cumprimento dos obxectivos de calidade paisaxística e das Directrices de paisaxe.

Estes contidos veñen a completar o EIIP do proxecto polo que pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008.

En todo caso, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

